

# O CAMIÑO DA LOMCE



UN CAMBIO RADICAL  
NA CONCEPCIÓN DO ENSINO E DA SOCIEDADE



- A CONTRARREFORMA DA LOMCE. A FILOSOFIA DA LEI E A ORGANIZACIÓN DOS CENTROS
- AS NOVIDADES EN PRIMARIA
- UNHA OLLADA Á FP BÁSICA
- AS NOVIDADES EN SECUNDARIA
- AS NOVIDADES EN BACHARELATO
- CONCLUSIÓN. *A LOE CONSOLIDADA*

# A CONTRARREFORMA DA LOMCE



A FILOSOFIA DA LEI  
E A ORGANIZACIÓN DOS CENTROS



A chamada reforma da LOE, máis coñecida como LOMCE ou aínda máis como Lei Wert, precisou tres borradores, unha versión “reforzada” tras o seu paso polo Senado, unha versión definitiva promulgada o **9 de Decembro de 2013** e o texto coñecido como “**LOE CONSOLIDADA**”, tras a derradeira modificación do 10/X/2013, para acabar sendo a máis grande **contrarreforma** levada a cabo no Sistema Educativo Español.

**Supón  
realmente a  
LOMCE  
unha reforma  
educativa ou é  
unha  
contrarreforma?**



# Do estado social ao estado liberal

## Estado social

O ensino debe ser un **dereito da cidadanía**, un **servizo público** no que reside a **equidade** do propio sistema, é dicir, a consecución dunha sociedade máis igualitaria, máis xusta e máis democrática.

## Estado liberal

O ensino consiste, como recolle a LOMCE, *“nunha prestación de servizos educativos”* por parte de *“axentes públicos e privados”*, cuxos *“beneficiarios”* son os cidadáns e cidadás . A función básica da educación é *“a mellora da empregabilidade”* (para un tipo de alumnado) e *“o estímulo do espírito emprendedor”* (para outro tipo de alumnado), posto que o sistema educativo debe estar no centro do **sistema económico**.



# Do estado social ao estado liberal

## Estado social

LOE, 2006. (pedagogía inclusiva)

Coa LOXSE entrara no sistema educativo o alumnado con **nneeee**. Grazas á LOE, hoxe conviven nos centros alumnado de excelente nivel académico xunto a milleiros de alumnos/as que antes eran apartados do sistema educativo por seren “**os pacientes máis enfermos, practicamente desafiuzados**”.

## Estado liberal

LOMCE, 2013. (pedagogía exclusiva)

*A lóxica da reforma baséase na evolución a un sistema capaz de **canalizar** aos estudantes cara ás traxectorias máis adecuadas ás súas capacidades, que se convirtn en rotas que faciliten a **empregabilidade** e estimulen o **espírito emprendedor**, porque a **economía** actual, cada vez máis global e máis exixente na formación de **traballadores e empresarios** así o exixe.*

# Do estado social ao estado liberal.

O cambio radical que supón a LOMCE é un cambio que vai máis alá do modelo educativo; trátase dun cambio no modelo de sociedade, para poder cambiar, sen mediar referendo popular, o modelo de estado; iso si, coa escusa da crise.

*Enténdese por Sistema Educativo Español o conxunto das Administracións Educativas, profesionais da educación e outros axentes públicos e **privados**.*



# 1º borrador da LOMCE

*A educación é o motor que promove a **competitividade da economía** e as cotas de **prosperidade** dun país; o seu nivel educativo determina a súa capacidade de **competir** con éxito na area internacional e de afrontar os desafíos que se presenten no futuro. (...) representa unha aposta polo crecemento **económico** e por conseguir vantaxes **competitivas no mercado global**.*

# A LOMCE resta servizo público

- Promove un espírito **economicista**
- O Sistema Educativo Español pasa a ser “público e privado”.
- **Fortalece os centros privados:**
  - *Amplíanse os concertos de 4 a 6 anos en Primaria*
  - *Concértase unha etapa non obrigatoria: Bacharelato*
  - *Concértase a nova FP Básica*
  - *Ofértase solo público para a construción de centros privados*
  - *Elimina a obriga de garantir prazas públicas suficientes.*
  - *Os centros concertados poderán recibir maior dotación de recursos que os centros públicos, aínda que segreguen o alumnado por razón de sexo.*

# A LOMCE resta servicio público





**Cales son os  
motivos que o  
lexislador dá  
para xustificar  
a necesidade  
desta lei?**

# 1º motivo: os pobres resultados nas probas PISA


*O sistema actual non permite progresar cara a unha mellora da calidade educativa, como poñen en evidencia **os pobres resultados** obtidos polos alumnos nas probas de avaliación internacionais como **PISA**.*



# 1ª mentira da LOMCE

Datos PISA 2012

Comparativa Galicia



Competencias avaliadas. Fonte: <http://www.mecd.gob.es>

PISA 2012



## 2º motivo: as elevadas taxas de abandono escolar en EUROSTAT

*Os resultados difundidos por EUROSTAT (2011) apuntan con claridade ao **abandono educativo temperán** como unha das debilidades do sistema educativo español, ao situar a taxa de abandono no 26,5% en 2011, con tendencia ao descenso pero moi lonxe do valor medio europeo actual (13,5%)...*



# 2ª mentira da LOMCE

## Que dicía EUROSTAT, 2011?

- *España é o segundo país da UE que máis conseguiu reducir, nos tres anos anteriores, a porcentaxe de xoves de 18 a 24 anos que deixaran de estudar sen conseguir un título de bacharelato ou de FP.*
- *A baixada aínda non é suficiente como para sacar a España dos postos de cola nesta estatística, pois sitúase como o segundo país do continente coa taxa máis alta só por diante de Malta.*

## De onde viña España?

- **En 1999, dous terzos** da poboación non remataba a etapa obrigatoria.
- **Hoxe é un cuarto** do estudiantado que non remata a etapa obrigatoria.

# 3º motivo: a falta de calidade educativa

*Non hai maior **falta de equidade** que un sistema que iguale na desidia ou na mediocridade. Para a sociedade española non basta coa escolarización para atender o dereito á educación, a calidade é un elemento constituínte dese dereito.*

*(...) a calidade educativa debe medirse en función do **"output"** (resultados dos estudantes) e non do **"input"** (niveis de inversión, número de profesores, número de centros, etc.).*



# 3ª mentira da LOMCE

***En equidad, España es uno de los ejemplos más sobresalientes de la OCDE. El entorno socioeconómico y cultural, influye, pero no determina los resultados del alumno. Este factor no impide a un alumno progresar en sus resultados académicos. (...) La variación en los resultados de los alumnos entre centros se sitúa en España en el 19,5%, es el segundo menor porcentaje de la toda la OCDE tras Finlandia. En cuanto a las Comunidades Autónomas, PISA refleja que los resultados entre unas y otras es mínimo, sólo de un 4%.***

Fuente: PISA 2009 database, Vol. II, Table II.5.1.  
Elaboración: Instituto de Evaluación, Anexo 3, Tabla 3.2.  
**PISA 2009.**  
Informe español

**Cales son as  
medidas coas que  
o lexislador  
pretende corrixir  
as carencias do  
sistema educativo  
español?**



# 1ª medida.

## Flexibilización de trayectorias

*A lóxica da reforma baséase na evolución a un sistema capaz de **canalizar** aos estudantes cara ás trayectorias máis adecuadas ás súas capacidades, que sexan rotas que faciliten a **empregabilidade** e estimulen o **espírito emprendedor**, porque a economía actual, cada vez máis global e máis exixente na formación de **traballadores** e **empresarios** así o exixe.*





# A LOMCE resta equidade e xustiza social (resta servizo público)

- Selecciona (“**canaliza**”) aos mellor preparados, aos mellor dotados, para convertilos en “excelentes”.
- Aparta (“**canaliza**”) aos que “non serven” para acadar a excelencia, para que non perturben o sistema, desviándoos a unha FP Básica (“para reducir as altas taxas de abandono escolar”) ou a un Programa de Mellora da Aprendizaxe e do Rendemento.
- Abandónanse todas as medidas de atención á diversidade e restaurase a **pedagogía exclusiva** propia de tempos predemocráticos e con ela as **reválidas**, sen as que o alumnado non poderá obter o título da ESO nin o de Bacharelato.

# A LOMCE resta equidade e xustiza social (resta servizo público)

## •CONSECUENCIAS:

- A equidade, na que España ocupaba o 2º posto, só por detrás de Finlandia, saltará polos aires.
- Abrirase unha grande fenda no sistema educativo que reflitirá a sociedade na que vivimos, fracturada económica e laboralmente coa escusa da crise .
- Non formaremos cidadáns, senón súbditos ao servizo dunha sociedade mercantilista.

# A LOMCE resta equidade e xustiza social (resta servizo público)



# Aumento da autonomía dos centros

*Crearanse distintos tipos de centros segundo a súa especialización curricular, funcional ou por tipoloxía do alumnado.*

*As Administracións educativas poderán asignar maiores dotacións de recursos a determinados centros públicos ou **privados concertados** en razón dos seus proxectos educativos.*

*A actividade realizada polo **persoal afecto** na execución das accións de calidade educativa **deberá serlle recoñecida tanto na provisión de postos de traballo como a efectos de carreira profesional.***



# Aumento da autonomía dos centros

- **O director** poderá propoer o nomeamento de profesorado; así como rexeitar o nomeamento de profesorado interino.
- Apoiaranse as accións destinadas a fomentar os programas de calidade mediante a **potenciación da función directiva**.
- **O director** poderá reservar ao rendemento académico do alumno un 20% da puntuación nas solicitudes de admisión a ensinanza postobrigatorias.



2ª medida.

## Aumento da autonomía dos centros

*Non constitúe  
discriminación a  
admisión de alumnado  
ou a organización da  
enseñanza diferenciada  
por sexos.*





# A LOMCE resta democracia

- **Elimínase a representación democrática do Consello Escolar**
- **Elimínase a elección democrática do director**
- **Refórzase a figura do director, establecendo unha estrutura xerárquica nos centros:**
  - ✓ **Poderá decidir sobre a admisión de alumnado.**
  - ✓ **Poderá decidir sobre a incorporación ou rexeitamento do profesorado.**
  - ✓ **Poderá aprobar a programación xeral anual.**
  - ✓ **Poderá aprobar a obtención de recursos complementarios.**
- **Elimínase a non discriminación por razón de sexo e, na práctica, a defensa da igualdade entre homes e mulleres.**

A LOMCE resta democracia



# Racionalización da oferta educativa



*(...) reforzando en todas as etapas a aprendizaxe de **materias troncais** que contribúan á adquisición das competencias fundamentais (...). A simplificación curricular é un elemento esencial para a transformación do sistema educativo.*

## Racionalización da oferta educativa

*A materia de Relixión, así como a de Valores Culturais e Sociais (EP) e de Valores Éticos (ESO) terá unha **carga horaria equivalente** á carga horaria media do resto de materias ofrecidas no bloque de **materias específicas**.*

*A determinación do currículo e dos criterios de avaliación da materia será **competencia das respectivas autoridades relixiosas**. A elección de libros de texto e de persoal docente tamén lles compete a elas.*



# A LOMCE resta laicidade

- O ensino confesional vese reforzado co ensino dunha materia específica, cuxa alternativa é **Valores**; pero que, de non escollela na primeira opción, tamén pode ser escollida como unha optativa dentro das materias específicas; en consecuencia **un alumno/a poderá artellar o seu propio currículo atendendo exclusivamente ás materias troncais, á Ed. Física, aos Valores Éticos e á Educación Relixiosa.**
- Desaparecen **Educación para a Cidadanía e Ética.**
- Desaparece do currículo de 2º de Bacharelato a **Filosofía.**

# A LOMCE resta laicidade

Está na escola?!  
Tem que rezar!!!

Lá vem você  
com sua mania  
de grandeza!!!

Mãe!!!  
Eu não quero rezar.  
Eu quero aprender  
a ler e escrever.



CHARGE ORIGINAL DE AMÂNCIO



## Racionalización da oferta educativa

*A Administración educativa deberá garantir unha oferta docente sostida con fondos públicos na que **o castelán sexa utilizado como lingua vehicular**. Se non fose así, os pais terán dereito a **elixir o sistema de ensino que reciban os seus fillos**. Se a programación anual da Administración Educativa non contemplase oferta docente sostida con fondos públicos, **poderán optar por escolarizar aos seus fillos en centros privados, correspondendo á Administración educativa sufragar os gastos de escolarización**.*





# A LOMCE resta galego

- *O castelán pasa a ser a lingua vehicular do ensino en todo o Estado.*
- *A partir do segundo borrador, as materias xerarquízanse en tres rangos: **troncais** (as importantes), **específicas** (as “marías”) e **de libre configuración autonómica** (o galego). Sitúase polo tanto a Lingua Galega por detrás da Lingua Estranxeira (materia troncal), da 2ª Lingua Estranxeira ou mesmo da Relixión (materias específicas).*

# A LOMCE resta galego

## CONSECUENCIAS:

- Promove o descoñecemento do idioma propio ao decretar o dereito do alumnado a negarse a estudar no noso idioma (segundo o modelo do **Decreto de Plurilingüismo**, a pesar das sentenzas en contra).
- Tal e como afirmara no seu momento o ministro Wert, trátase de “**españolizar**” o ensino.
- O Estado resérvase fixar o **50%** dos contidos, horarios e criterios de avaliación, podendo chegar ao **100% nas materias troncais**. Os contidos galegos, como xa se ve nos borradores, desaparecen dos currículos.
- Uniformiza o sistema educativo a través dos currículos e a través das **Reválidas**. O Goberno Central deseñará esas probas.

# A LOMCE resta galego



# A LOMCE resta autonomía

## As competencias do Estado e das CCAA

COMPETENCIAS	MATERIAS TRONCAIS	MATERIAS ESPECÍFICAS	MATERIAS DE LIBRE CONFIGURACIÓN AUTONÓMICA
<b>GOBERNO CENTRAL</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>•Contidos comúns</li><li>•Horario (non menos do 50% , até o 100%)</li><li>•Criterios de Avaliación</li><li>•Modelos das probas</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>•Horario máximo</li><li>•Criterios de avaliación</li><li>•Modelo das probas</li></ul>	
<b>XUNTA DE GALICIA</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>•Completar contidos</li><li>•Fixar o horario máximo</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>•Contidos</li><li>•Horario</li><li>•Completar os criterios de avaliación</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>•Contidos</li><li>•Horario</li><li>•Criterios de Avaliación</li></ul>
<b>CENTROS DOCENTES</b>	Desenvolver o currículo nas etapas e ciclos	Desenvolver o currículo nas etapas e ciclos	Desenvolver o currículo nas etapas e ciclos

# IDEOLOXÍA LOMCE

- + CONCERTOS / - SERVIZO PÚBLICO
- + XERARQUIZACIÓN / - DEMOCRACIA
- + RELIXIÓN / - LAICIDADE
- + ESPAÑOL / - GALEGO
- + CENTRALIZACIÓN / - AUTONOMÍA

# A contrarreforma da LOMCE

## LOE CONSOLIDADA

A LOMCE restaura:

- Unha visión do ensino anti e predemocrática
- Unha pedagogía exclusiva
- Unha visión da muller contraria á coeducación
- Unha visión centralista do Estado
- Unha visión relixiosa e confesional da educación
- Unha visión hexemónica da lingua castelá fronte ás outras linguas oficiais do Estado español

Tres anteproxectos, un proxecto, unha lei e case 500 días despois non estamos ante unha reforma educativa, estamos ante unha verdadeira “contrarreforma”.

# AS NOVIDADES DA LOMCE EN PRIMARIA



Os ciclos, as materias e as avaliacións da etapa



# ASPECTOS EDUCATIVOS. NOVIDADES EN PRIMARIA

CURSOS	MATERIAS TRONCAIS	MATERIAS ESPECÍFICAS	MATERIAS DE LIBRE CONFIGURACIÓN AUTONÓMICA
De 1º a 6º	<ul style="list-style-type: none"> <li>•CCNN</li> <li>•CCSS</li> <li>•LCL</li> <li>•1ª LE (inglés)</li> <li>•Matemáticas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>•<b>Obrigatorias para todo o alumnado:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>•Ed. Física</li> <li>•Relixión / Valores Sociais e Cívicos</li> </ul> </li> <li>•<b>Optativas. A escoller 1:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>•Ed. Artística</li> <li>•2ª LE (francés, port. ...)</li> <li>•Relixión (se non se escolleu antes)</li> <li>•Valores (se non se escolleu antes)</li> </ul> </li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>•Lingua Galega e Literatura</li> </ul>

- Desaparecen os ciclos
- Suprímese Ed. Para a Cidadanía e Dereitos Humanos
- Realizarse unha Avaliación individualizada a todo o alumnado ao acabaren 3º EP
- Realizarse unha Avaliación Final de Primaria ao acabaren 6º EP

# ASPECTOS EDUCATIVOS. NOVIDADES EN PRIMARIA

## AVALIACIÓN INDIVIDUALIZADA EN 3º EP

- Comprobará o grao de dominio das CCBB en:
  - Matemática
  - Comunicación lingüística
- De resultar desfavorable, o equipo docente deberá adoptar as **medidas ordinarias e extraordinarias máis adecuadas.**

# ASPECTOS EDUCATIVOS. NOVIDADES EN PRIMARIA

## AVALIACIÓN FINAL EN 6º EP

- Comprobará o grao de adquisición das CCBB en:
  - Matemática
  - Lingua Estranxeira
  - Ciencia e Tecnoloxía.
- Os resultados serán recollidos nun **INFORME** , expresados en tres graos:
  - baixo,
  - intermedio
  - alto.
- Terá carácter informativo e orientador.
- De resultar desfavorable para o conxunto do centro, as Administracións Educativas establecerán **Plans Específicos de Mellora**.

# AS NOVIDADES DA LOMCE EN SECUNDARIA



Os ciclos, as materias, os itinerarios e a reválida

# ASPECTOS EDUCATIVOS.

## NOVIDADES EN SECUNDARIA

CURSOS do 1º CICLO	MATERIAS TRONCAIS	MATERIAS ESPECÍFICAS	MATERIAS DE LIBRE CONFIGURACIÓN AUTONÓMICA
1º curso	<ul style="list-style-type: none"> <li>•Bioloxía e Xeoloxía</li> <li>•Xeografía e Historia</li> <li>•LCL</li> <li>•1ª LE (inglés)</li> <li>•Matemáticas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>•<b>Obrigatorias para todo o alumnado:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>•Ed. Física</li> <li>•Relixión / Valores Éticos</li> </ul> </li> <li>•<b>Optativas. A escoller entre 1 e 4:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>•Cultura Clásica</li> <li>•<b>Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial</b></li> <li>•Tecnoloxía</li> <li>•Ed. Plástica</li> <li>•Música</li> <li>•2ª LE (francés, port. ...)</li> <li>•Relixión (se non se escolleu antes)</li> <li>•Valores (se non se escolleu antes)</li> </ul> </li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>•Lingua Galega e Literatura</li> <li>•Outras...</li> </ul>
2º curso	<ul style="list-style-type: none"> <li>•Física e Química</li> <li>•Xeografía e Historia</li> <li>•LCL</li> <li>•1ª LE (inglés)</li> <li>•Matemáticas</li> </ul>		<ul style="list-style-type: none"> <li>•Lingua Galega e Literatura</li> <li>•Outras...</li> </ul>
3º curso	<ul style="list-style-type: none"> <li>•Bioloxía e Xeoloxía</li> <li>•Física e Química</li> <li>•Xeografía e Historia</li> <li>•LCL</li> <li>•1ª LE (inglés)</li> <li>•Matemáticas:               <ul style="list-style-type: none"> <li>•Aplicadas</li> <li>•Académicas</li> </ul> </li> </ul>		<ul style="list-style-type: none"> <li>•Lingua Galega e Literatura</li> <li>•Outras...</li> </ul>

CURSOS do 2º CICLO	MATERIAS TRONCAIS	MATERIAS ESPECÍFICAS	MATERIAS DE LIBRE CONFIGURACIÓN AUTONÓMICA
	ENSINANZAS ACADÉMICAS / ENSINANZAS APLICADAS		
4º curso	<p><b>ENSINANZAS ACADÉMICAS (Iniciación a Bacharelato)</b></p> <p><b>Obrigatorias:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>•Xeografía e Historia</li> <li>•LCL</li> <li>•1ª LE (inglés)</li> <li>•Matemáticas Académicas</li> </ul> <p><b>Escoller dúas:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>•Bioloxía e Xeoloxía</li> <li>•Física e Química</li> <li>•Economía</li> <li>•Latín</li> </ul>	<p>•<b>Obrigatorias:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>•Ed. Física</li> <li>•Relixión / Valores Éticos</li> </ul> <p>•<b>Escoller entre 1 e 4:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>•Artes Escénicas e Danza</li> <li>•Cultura Científica</li> <li>•Cultura Clásica</li> <li>•<b>Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial</b></li> <li>•Tecnoloxía</li> <li>•Música</li> <li>•Ed. Plástica</li> <li>•2ª LE</li> <li>•Filosofía</li> <li>•<b>Relixión</b></li> <li>•<b>Valores</b></li> <li>•Materia para ampliación de Troncal</li> <li>•Materia Troncal non cursada</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>•Lingua Galega e Literatura</li> <li>•Outras... (Materias ofertadas polas CCAA ou polos Centros, dentro das Materias non cursadas ou outras que decidan)</li> </ul>
	<p><b>ENSINANZAS APLICADAS (Iniciación a FP)</b></p> <p><b>Obrigatorias:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>•Xeografía e Historia</li> <li>•LCL</li> <li>•1ª LE (inglés)</li> <li>•Matemáticas Aplicadas</li> </ul> <p><b>Escoller dúas:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>•CC Aplicadas</li> <li>•Tecnoloxía</li> <li>•<b>Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial</b></li> </ul>		

# ASPECTOS EDUCATIVOS.

## NOVIDADES EN SECUNDARIA

### CONSELLO ORIENTADOR EN 1º, 2º e 3º ESO

- Incluirá os obxectivos e competencias acadados
- Proporá o itinerario máis adecuado:
  - Incorporación a un **Programa de Mellora**
  - Incorporación á **FP Básica**. Ao finalizar este 1º ciclo de ESO ou cursado 2º ESO, se o alumno/a vai a incorporarse á FPB, entregárase un **Certificado de Estudos Cursados**.
  - Iniciación á FP (**4ºESO Enseñanzas Aplicadas**)
  - Iniciación ao Bacharelato (**4ºESO Enseñanzas Académicas**)

FLEXIBILIZACIÓN DE TRAXECTORIAS



# ASPECTOS EDUCATIVOS. NOVIDADES EN SECUNDARIA

## PROGRAMA DE MELLORA DA APRENDIZAXE E DO RENDEMENTO

- Substitúe ao PDC .
- Desenvolverase a partir de 2ºESO, durante un ou dous cursos.
- Pensado para o alumnado con necesidades educativas, para poder obter o título da ESO.
- Incorporará ao alumnado que repetira algunha vez en calquera etapa e que non estea en condicións de promocionar a 2º, 3º ou 4ºESO.

# ASPECTOS EDUCATIVOS.

## NOVIDADES EN SECUNDARIA

ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

### FORMACIÓN PROFESIONAL BÁSICA

IMPULSO DA FORMACIÓN PROFESIONAL

- **Medida para loitar contra o abandono educativo temperán**
- Substituirá aos PCPI
- **Destinado a aquel alumnado que non aproveite as aprendizaxes en 1º e/ou 2º ESO.**
- 2 anos de duración (2.000h.). Ampliables a 3 cursos, se houbese FP Dual.
- Poderán permanecer nel até 4 anos.
- Carácter obrigatorio e gratuíto.
- ACCESO: con 15 anos, cursado o 1º ciclo de ESO ou cursando 2ºESO e tendo repetido algún ano.
- MÓDULOS:
  - Módulos Profesionais
  - Módulos de FCT (20% do horario)
  - Módulo de Integración das CCBB
  - Comunicación e CCSS
  - CC Aplicadas.
- **TITULACIÓN: Título de Técnico Profesional Básico. Permitirá acceder á FP de Grao Medio.**
- **METODOLOXÍA: Flexible, individualizada e globalizadora. Para o cal tratarase de *diminuír o número de docentes que interveñan nun mesmo grupo.***

# ASPECTOS EDUCATIVOS.

## NOVIDADES EN SECUNDARIA

### REVÁLIDA AO FINALIZAR 4ºESO

- Avaliará o grao de obxectivos e competencias adquiridos nas seguintes materias:
  - **Todas as Troncais e a LGL**
  - **1 das Específicas, que non sexan: Ed. Física, Relixión ou Valores.**
- **2 opcións: Aplicadas ou Académicas, con independencia da opción de 4º.**
- Presentarase o alumnado cun **máximo de 3 suspensas**
  - **Dúas das suspensas non poden ser LGL, LCL ou Matemáticas**
  - **No nº de suspensas só entrarán no cómputo as materias que o alumnado deba cursar en cada bloque como mínimo.**
  - **No bloque de materias de libre configuración autonómica só computará LGL.**
  - ***As materias coa mesma denominación en cursos distintos serán consideradas materias distintas.***
- ***Será preciso un 5 sobre 10, para superar a proba.***

# ASPECTOS EDUCATIVOS.

## NOVIDADES EN SECUNDARIA

### REVÁLIDA AO FINALIZAR 4ºESO

- Realizadas polo **Ministerio** a través de profesorado alleo ao centro.
- Poderase repetir a proba, previa solicitude.
- Celebraranse 2 convocatorias anuais.
- **Título de Graduado en ESO**
  - **Deberase superar a Reválida (mínimo dun 5 sobre 10)**
    - Vía Académica
    - Vía Aplicada
  - **O reparto proporcional para a nota final será:**
    - Nota media das materias de 4ºESO: **70%**
    - Nota da Reválida: **30%**
  - **Permitirá acceder a Bacharelato ou a FP de Grao Medio**
  - O alumnado que non supere a Reválida:
    - **Non obterá o título**
    - Recibirá unha **certificación oficial** dos estudos cursados.

# AS NOVIDADES DA LOMCE EN BACHARELATO



Os cursos, as materias, os itinerarios e a reválida

<b>MODALIDADES</b> <b>1º curso</b>	<b>MATERIAS TRONCAIS</b>		<b>MATERIAS ESPECÍFICAS</b>	<b>MATERIAS</b> DE LIBRE CONFIGURACIÓN AUTONÓMICA
<b>BACHARELATO</b> de CIENCIAS	<b>Obrigatorias:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>•Filosofía</li> <li>•LCL</li> <li>•Matemáticas</li> <li>•1ªLE (inglés)</li> </ul>	<b>Elexir 2:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>•Bioloxía e Xeoloxía</li> <li>•Física e Química</li> <li>•Debuxo Técnico</li> </ul>	<b>Obrigatoria:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>•Ed. Física</li> </ul> <b>Escoller entre 2 e 3:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>•Análise Musical</li> <li>•Linguaxe Musical</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>•Lingua Galega e Literatura</li> </ul>
<b>BACHARELATO</b> de HUMANIDADES e CCSS	<b>Obrigatorias:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>•Filosofía</li> <li>•LCL</li> <li>•1ªLE (inglés)</li> <li>•Matemáticas Aplicadas (Só para CCSS)</li> <li>•Latín (só para Humanidades)</li> </ul>	<b>Escoller 2:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>•Economía</li> <li>•Grego</li> <li>•Historia do Mundo Contemporáneo</li> <li>•Literatura Universal</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>•Cultura Científica</li> <li>•Debuxo Artístico</li> <li>•Debuxo Técnico</li> <li>•Volume</li> <li>•Anatomía Aplicada</li> <li>•2ª LE (fr., port. ...)</li> <li>•Tecnoloxía Industrial</li> <li>•Tecnoloxía (TIC)</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>•Outras... (Materias ofertadas polas CCAA ou polos Centros, dentro das Materias non</li> </ul>
<b>BACHARELATO</b> de ARTES	<b>Obrigatorias:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>•Filosofía</li> <li>•LCL</li> <li>•1ªLE (inglés)</li> <li>•Fundamentos da Arte</li> </ul>	<b>Elexir 2:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>•Cultura Audiovisual</li> <li>•Historia do Mundo Contemporáneo</li> <li>•Literatura Universal</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>•Relixión</li> <li>•Materia Troncal non cursada</li> </ul>	cursadas ou outras que decidan)

<b>MODALIDADES</b> <b>2º curso</b>	<b>MATERIAS TRONCAIS</b>		<b>MATERIAS ESPECÍFICAS</b>	<b>MATERIAS</b> DE LIBRE CONFIGURACIÓN AUTONÓMICA
<b>BACHARELATO</b> de CIENCIAS	<b>Obrigatorias:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>•Hª de España</li> <li>•LCL</li> <li>•Matemáticas</li> <li>•1ª LE (inglés)</li> </ul>	<b>Elixir 2:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>•Bioloxía</li> <li>•Xeoloxía</li> <li>•Física</li> <li>•Química</li> <li>•Debuxo Técnico</li> </ul>	<b>Escoller entre 2 e 3:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>•Análise Musical</li> <li>•Hª da Música e da Danza</li> <li>•Imaxe e Son</li> <li>•Debuxo Artístico</li> <li>•Debuxo Técnico</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>•Lingua Galega e Literatura</li> </ul>
<b>BACHARELATO</b> de HUMANIDADES e CCSS	<b>Obrigatorias:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>•Hª de España</li> <li>•LCL</li> <li>•1ª LE (inglés)</li> <li>•Matemáticas Aplicadas (Só para CCSS)</li> <li>•Latín (só para Humanidades)</li> </ul>	<b>Escoller 2:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>•Economía da Empresa</li> <li>•Xeografía</li> <li>•Grego</li> <li>•Historia da Arte</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>•Volume Técnicas de Expresión Gráfico-Plásticas</li> <li>•CC da Terra e do Medio</li> <li>•Tecnoloxía Industrial</li> <li>•Tecnoloxía (TIC)</li> <li>•Fundamentos da Administración e Xestión</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>•Outras... (Materias ofertadas polas CCAA ou polos Centros, dentro das Materias non)</li> </ul>
<b>BACHARELATO</b> de ARTES	<b>Obrigatorias:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>•Hª de España</li> <li>•LCL</li> <li>•1ª LE (inglés)</li> <li>•Fundamentos da Arte</li> </ul>	<b>Elixir 2:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>•Cultura Audiovisual</li> <li>•Deseño</li> <li>•Artes Escénicas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>•2ª LE (fr., port. ...)</li> <li>•Hª da Filosofía</li> <li>•Psicoloxía</li> <li>•Relixión</li> <li>•Materia Troncal non cursada</li> </ul>	cursadas ou outras que decidan)



# ASPECTOS EDUCATIVOS. NOVIDADES EN BACHARELATO

## CAMBIOS EN 1ºBACH.

- **Hª do Mundo Contemporáneo** pasa a ser unha optativa para os Bacharelatos de Humanidades, CCSS e Artes.
- Desaparece a **Filosofía** de 2ºBACH., contemplada só como optativa entre as Materias Específicas.
- Desaparece do Bacharelato a materia de **CC para o Mundo Contemporáneo**.

*Racionalización da oferta educativa, reforzando en todas as etapas a aprendizaxe de materias troncais.*

# ASPECTOS EDUCATIVOS.

## NOVIDADES EN BACHARELATO

### REVÁLIDA AO FINALIZAR 2º BACH.

- Avaliará o grao de obxectivos e competencias adquiridos nas seguintes materias:
  - **Todas as Troncais e a LGL**
  - **1 das Específicas, que non sexan: Ed. Física, Relixión ou Valores.**
- Presentarase o alumnado con **todo aprobado**.
  - No nº de suspensas só entrarán no cómputo as materias que o alumnado deba cursar en cada bloque **como mínimo**.
  - No bloque de **materias de libre configuración autonómica só computará LGL**.
  - *As materias coa mesma denominación en cursos distintos serán consideradas materias distintas.*
- *Será preciso un 5 sobre 10, para superar a proba.*

# ASPECTOS EDUCATIVOS.

## NOVIDADES EN BACHARELATO

### REVÁLIDA AO FINALIZAR 2º BACH.

- Realizadas polo **Ministerio** a través de profesorado alleo ao centro.
- Poderase repetir a proba, previa solicitude.
- Celebraranse 2 convocatorias anuais.
- **Título de Bacharelato**
  - Deberase superar a Reválida (mínimo dun 5 sobre 10)
  - O reparto proporcional para a nota final será:
    - Nota media das materias de 2º BACH.: **60%**
    - Nota da Reválida: **40%**
  - **Permitirá acceder á Universidade**
  - O alumnado que non supere a Reválida:
    - **Non obterá o título**
    - Recibirá unha **CERTIFICACIÓN OFICIAL**:
      - Efectos laborais
      - Efectos Académicos: **Permitirá acceder ao Ciclo Superior de FP**

# ASPECTOS EDUCATIVOS.

## NOVIDADES EN BACHARELATO

### ACCESO Á UNIVERSIDADE

*Procedementos de admisión  
en ensinanzas universitarias*

- ***Calificación final do Bacharelato.***
- *Modalidade e materias cursadas no Bacharelato, en relación coa titulación elexida.*
- *Calificacións obtidas en materias concretas dos cursos de Bacharelato ou da avaliación final de Bacharelato.*
- *Formación académica ou profesional complementaria.*
- *Estudos superiores cursados con anterioridade.*
- *De forma excepcional poderán establecer avaliacións específicas de coñecementos e/ou de competencias.*

**(SELECTIVIDADE)**

# CALENDARIO DE APLICACIÓN

	CURSO 2014-15	CURSO 2015-16	CURSO 2016-17	CURSO 2017-18
<b>PRIMARIA</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>•1º, 3º e 5º de EP</li> <li>•Modificación currículos</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>•2º, 4º e 6º EP</li> <li>•Modificación currículos</li> </ul>		
<b>SECUN-DARIA</b>		<ul style="list-style-type: none"> <li>•1º e 3º ESO</li> <li>•Modificación currículos</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>•2º e 4º ESO</li> <li>•Modificación currículos</li> </ul>	
<b>BACHA-RELATO</b>		<ul style="list-style-type: none"> <li>•1ºBACH</li> <li>•Modificación currículos</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>•2ºBACH</li> <li>•Modificación currículos</li> </ul>	
<b>FP</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>•1º curso de FPB</li> <li>•Eliminación módulos obligatorios de PCPI</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>•2º curso de FPB</li> <li>•Modificación currículos <b>Ciclos de Grao Medio</b></li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>•Modificación currículos <b>Ciclos de Grao Superior</b></li> </ul>	
<b>AVALIACIÓNS e REVÁLIDAS</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>•Avaliación de 3ºEP</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>•Aval. Final de 6ºEP</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>•Reválida na ESO sen efectos académicos.</li> <li>•Reválida en BACH só para acceder á Univ.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>•Reválida para o título de <b>ESO</b></li> <li>•Reválida para o título de <b>BACH.</b></li> </ul>
<b>ACCESO UNIVERSIDADE</b>	Proba de acceso actual	Proba de acceso actual		Sistema de acceso fixado na <b>LOMCE</b>

A LOMCE ENTROU EN VIGOR O 20 de DECEMBRO de 2013

# CONCLUSIÓN e DEBATE



A contrarreforma LOMCE ou a LOE “consolidada”